



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9

Sendo as 20:00 horas do día 4 de maio de dous mil quince reúnen, en primeira convocatoria no Multiusos PINAL DO CREGO de Chapela, os membros da Comisión de Seguimento das obras da ampliación da AP-9, D. Javier Bas Corugeira -alcalde-; D. Arturo González Barbeiro, concelleiro de urbanismo do concello de Redondela; en representación dos grupos políticos: D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros (PP).; D. Mauro Álvarez Castro (PsdG-PSOE); D. Xoán Carlos González Campo (BNG); D. Roberto Villar (AER); en representación da Plataforma de Afectados da AP-9: D. Rafael Baltasar Cela; D. Jesús Vázquez Lorenzo; D. Carlos Álvarez Aravella; D. César Domínguez Fernández e D. Francisco Puch Casal; como técnico municipal, D. José Romero Amich-Nieto, arquitecto; actúa de secretaria da comisión Dña. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela. Non asiste ninguén en representación de AUDASA, FOMENTO nin UTE RANDE. Asisten a esta primeira xuntanza representantes de varias comisións de veciños coa finalidade de solicitar a súa integración na comisión:

- Comisión de Veciños de Chapela: D. Marcial Pérez e outros.
- Comisión de Veciños de Trasmañó: D. Juan Corugeira; D. Roberto Cabaleiro e outros.
- Comisión de Veciños de Rande: D. Juanjo Comesaña López e outros.

A orde do día a tratar é a seguinte:

1. CONSTITUCIÓN COMISIÓN SEGUIMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9
2. INFORMACIÓN SOBRE O INICIO DOS TRABALLOS DA AMPLIACIÓN DA AP-9.
3. ROGOS E PREGUNTAS.

1.- CONSTITUCIÓN COMISIÓN SEGUIMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9.-

Iníciase a sesión polo alcalde dando conta dos asistentes á xuntanza e a súa representatividade e anunciando que están presentes varios colectivos que queren sumarse á mesma.

O Sr. Puch Casal, da Plataforma de Afectados, pregunta quen vén en representación de Fomento, UTE Rande e Audasa, ao que lle contesta o alcalde que “non están porque aínda non están nomeados dado que consideran que as obras non están iniciadas”.

O alcalde explica que a idea da comisión de seguimento nace coa finalidade de incidir no desenvolvemento das obras para teñan o menor impacto posible na contorna explicando que todo se acelerou pola presentación, por parte do PsdeG-PSOE, dunha moción ao Pleno que foi aprobada por unanimidade, solicitando que coa maior brevidade se crease esta comisión de seguimento.

Toma a palabra o representante da Plataforma de Afectados pola AP-9 D. César Dguez. Fdez. expoñendo que “esta xuntanza sería preciosa hai 8 anos pero que agora, despois de moitas asembleas e chamamentos para participar nesta comisión sen resultado, non entende como determinados colectivos queren participar nela” expresa así mesmo que “a ampliación hai que tragala, que os problemas de acceso ás parroquias se trataron e se



CONCELLO DE REDONDELA

conseguirón melloras como por exemplo na Ponte de San Vicente” pensa e así o fai saber que “quen tiña que ter reivindicado iso era a A. de Veciños pero como non o fixo eles seguirán sendo os que asuman esa responsabilidade”, indica así mesmo que “despois de tanto tempo non é serio que se pretenda entrar nunha comisión que practicamente está pechada e da que se levantou unha acta cuns membros determinados”.

Dáselle a palabra ao representante de AER, D. Roberto Villar quen valora o traballo realizado ao longo destes anos pola Comisión de afectados. Así mesmo, indica que se é para sumar e para aportar non teñen problema en novas incorporacións.

O sr. Glez. Campo, representante do BNG, indica que están a favor da moción presentada polo PSdG-PSOE na que se establece unha representatividade ampla pero se entran outros colectivos afectados é un tema que deberá plantexarse. Considera que as obras da ampliación terán un impacto tan grande nas parroquias que igual deben considerarse todas as opcións.

O sr. Álvarez Castro, representante do PSdG-PSOE, di que a moción foi presentada polo seu grupo establecéndose unha representatividade determinada pero que se é para sumar igual deberían terse en conta a maioría dos colectivos das parroquias afectadas pero que se é para restar non estarán de acordo en novas incorporacións.

O sr. alcalde dálle a palabra aos representantes dos colectivos que pretenden incorporarse á comisión de seguimento:

En primeiro lugar, Marcial Pérez, en representación da Comisión de Veciños de Chapela que considera que deberían estar obrigatoriamente na Comisión de Seguimento das obras de Ampliación da AP-9 para ter información de primeira man; dí que non é certo o dito polo representante da Plataforma de Afectados respecto da súa falta de participación ao longo destes anos; insiste en que sempre que había unha manifestación en contra da ampliación alí estaban; reitera a necesidade de ter información de primeira man e de facer aportacións dado que a día de hoxe existe un total descoñecemento.

O Sr. Puch Casal, da Plataforma de Afectados, toma a palabra para expresar o seu malestar polo que está a escoitar, e dí que si é certo o dito polo Sr. Dominguez de falta de apoio desde sempre á comisión de afectados. Así mesmo, pídelle ao alcalde que centre o tema, que se indiquen cales son os puntos a tratar.

O alcade pídelle aos presentes que non haxa enfrontamentos xa que o obxectivo desta xuntanza é buscar puntos para sumar e intentar solucionar problemas, non crealos.

Toma a palabra o representante da Comisión de Veciños de Trasmañó, Juan Corugeira explicando que eles non pretenden ser protagonistas de nada que simplemente queren ter información porque ata agora non a teñen. Indica que sempre pensou que as xestións as levarían os colectivos de afectados das parroquias e que fan o que deben facer.

Pola Comisión de Veciños de Rande toma a palabra Juanjo Comesaña que indica que tamén representa a Rande e Cabanas; expón que eles sempre participaron pero que non queren crear ningunha problemática, que realmente son unha asociación cultural aínda que actúan tamén como comisión veciñal. Indica que o que realmente lles preocupa é a afectación do “castelo” e tamén do “campo das festas” que xa llo quitaron. Quixeran aclaración sobre o desbroce que se fixo no castelo porque como aínda non está declarado



CONCELLO DE REDONDELA

BIC teñen medo a que entren e destrocen absolutamente todo. Expoñen o absoluto apoio á Plataforma de Afectados e que queren estar para participar.

O representante da Plataforma de Afectados, César Domínguez, insiste na súa sorpresa e pide aos presentes un exame de conciencia sobre o que se está plantexando; considera que querer integrarse neste momento nunha negociación entre partes que levan máis de 8 anos traballando non é nada serio. Explica que despois de tantas e tantas xuntanzas, problemas vividos incluso a nivel persoal, agora se pretenda entrar nunha comisión que xa quedou constituída e da que existe unha acta que está en poder do ministerio e que Fomento non cre que vaia a aceptar eses cambios. Insiste en que se isto fose feito hai anos tería sido estupendo pero que hoxe “non é serio que se queira modificar aos representantes”.

Toma novamente a palabra o sr. alcalde é di que non se vai poder constituir a Comisión de Seguimento nesta xuntanza dado que Fomento, UTE Rande e Audasa non están presentes pero que efectivamente, unha comisión de tantas persoas non sería operativa.

O representante do BNG, Xoán Carlos Glez. dí que esta comisión é informativa polo que non entende moi ben o que se está a plantexar na mesa. Indica que tampouco entende porque están na xuntanza 3 membros do PP cando polos restantes grupos políticos está samente unha persoa. Indica que sen querer restarlle protagonismo a ninguén, ésta comisión é para ter información das obras e despois transmitirla as partes afectadas polo que pode facerse sen ter que ir a negociar todos con Fomento.

O representante de AER, Roberto Villar, explica que se hai unha comisión medio montada non ten sentido modificala e insiste en que os colectivos afectados poderían estar representados nunha mesa de traballo onde se fale de casos concretos e onde os membros da comisión aporten información das negociacións realizadas. Di así mesmo que entende o cabreo dos representantes das comisións veciñais pero que fronte Fomento mellor é sumar que plantexar problemas. Considera e así o fai constar que é necesario que haxa algún arqueólogo na mesa por se se plantexan temas concretos como o tema do castelo.

O alcalde contéstalle que xa está nomeado e que cando se traten temas dese tipo virá para informar á mesa. Tamén lle contesta ao representante do BNG dicindo que o concelleiro de urbanismo está porque é o concelleiro que lle afecta a materia e que o outro concelleiro representa ao partido, así mesmo indica que él está por ser o alcalde. Explica que despois do 24 de maio poderá haber outro concelleiro doutro grupo político distinto pero que agora dáse a circunstancia que é do mesmo partido.

O representante do PSdG-PSOE, Mauro Álvarez, expón que de seguir neste debate non se vai a sumar nada. Parécelle que se vai tratarse unha orde do día que se invite a aqueles colectivos de afectados. O resto sería mellor que se faga un grupo de traballo.

Marcial Pérez, da Comisión de Veciños de Chapela, insiste en que queren estar na comisión de seguimento para ter información porque a través do concello sempre chega mal e tarde. Tampouco a queren ter a través de plataforma de afectados. Insiste rotundamente en que queren tela de primeira man. Di que hai moitas persoas afectadas que a estas alturas non saben que vai pasar coas súas casas ou coas súas propiedades.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Toma a palabra un novo representante da comisión de veciños de Trasmañó, Roberto Cabaleiro, que dí que non van ser 20 persoas as que conformen a Comisión de Seguimento senón que serían como máximo 9 persoas, pensa que se ese número non poden estar nunha mesa lle parecería increíble e indica que non lle parece nada positivo que se lles bote en cara querer estar representados. Que despois de estar escoitando tanto tempo a tantas persoas, observa que ningún colectivo ata agora falou do “xabre que hai na praia de Cabanas”. Pensa que cantos máis mellor e considera que todos os colectivos deben intervir para que o dano sexa o menor posible.

Por algúns membros da Plataforma de Afectados solicítase do alcalde se marque a periodicidade desta Comisión de Seguimento ao que contesta que será inmediata cando haxa un tema urgente. Indica que ao principio será máis frecuente xa que haberá moita información que se descoñeza e por suposto a requerimento das partes sempre se convocará.

Novamente Roberto Cabaleiro toma a palabra expoñendo que é entendible que cada asociación queira ter ollos naqueles casos que lles afecten directamente.

Novamente pola Plataforma de Afectados toma a palabra César Domínguez expoñendo que parece increíble que despois de 8 anos se den conta agora de que hai que defender aos veciños. Expón “que el non se vai montar nese carro cando xa deu a volta”. Insiste en que a Comisión de Afectados pasará a información ao día seguinte pero que non aceptarán os cambios que se pretenden.

O grupo municipal de AER a través do seu representante indica “que non debería haber problema en formar a mesa de traballo para que participen o resto dos colectivos” apuntando despois que “si as negociacións estaban feitas cambiar a comisión retrasaría máis o seu inicio”.

Xoan Carlos González en representación do BNG pregunta se hai algunha proposta enriba da mesa.

O Sr. Puch Casal da Plataforma de Afectados, insiste en que fronte a Fomento modificar a comisión agora sería un problema e non cre que o aceptasen.

O alcalde propón ter a xuntanza do próximo martes con Fomento e falarase con cada un dos que pretenden entrar para poñer no seu coñecemento o que se resolva nesa xuntanza. Na seguinte xuntanza intentarase compoñer un grupo operativo ou unha sub-comisión.

Por parte do representante da Comisión de veciños de Chapela pregúntaselle ao concelleiro representante do PP cal é a postura do seu grupo.

Contéstalle o concelleiro Miguel Álvarez Ballesteros indicando que o lóxico sería facer unha comisión o máis operativa posible. Hai que ter en conta que estas obras están afectando a moitas parroquias e polo tanto será mellor traballar en equipo. Considera que o lóxico é que fronte a Fomento haxa unha representación dos que ata agora veñen traballando e despois facer unha asemblea informativa .

O alcalde indica que a participación debería retrotraerse a hai 3 anos polo que podería considerarse un elemento novo. Indica así mesmo que Fomento é reacción a este tipo de



CONCELLO DE REDONDELA

xuntanzas para mellorar unha obra, polo que é complicado o convencelos e agora plantexarlle modificacións igual é contraproducente. Insiste en que os representantes dos organismos cando asisten ás xuntanzas e se lles presenta algunha modificación teñen que pedir permiso para poder aceptala, eles non poden comprometerse así como así co colectivo de afectados. Pensa que o mellor será testar este tema en Fomento para ver como responden e intentar falar con eles para chegar a acordos.

Roberto Cabaleiro, da Comisión de Veciños de Trasmañó solicita da alcaldía que a información se pase en papel non verbalmente.

O representante de AER insiste en que as obras xa comezaron polo que non participa en absoluto do que di o Ministerio de que non nomearon membros porque as obras non estaban iniciadas.

O representante da Plataforma de Afectados insiste en que os do Ministerio son uns oportunistas e á mínima os deixan tirados. Indica que en moitas xuntanzas non houbo maneira de conseguir nada pero que cando levantaron acta dos acordos adoptados xa non houbo marcha atrás e a cousa é ben distinta. Plantexar nestes momentos a Fomento unha nova comisión con máis membros non é serio.

O alcalde responde as preguntas do representante da Comisión veciñal de Chapela dicindo que no concello existe un proxecto que se expuso ao público, ao que tamén contesta o arquitecto municipal insistindo no mesmo e dicindo que no periodo de exposición pública se deron copias do mesmo a cantos o solicitaron.

Por non estar presentes os membros de Fomento, Audasa e UTE Rande non se pasa o asunto a votación e queda pendente a constitución da Comisión de Seguimento das Obras de Ampliación da AP-9 ata nova xuntanza.

E sendo as 10.25 horas do día indicado no encabezamento, levántase a sesión do que como secretaria dou fe, asinando o sr. alcalde como presidente.

Vº e praxe
O ALCALDE,

A SECRETARIA DA COMISIÓN,

Asdo. Javier Bas Corugeira

Asdo. Carme Pérez Vaquero